

RIBEIRA SACRA A D.O. MAIS PREMIADA NA XXXV CATA DOS VIÑOS DE GALICIA

O Mellor Viño Tinto de Galicia segue sendo da D.O. Ribeira Sacra, Viña Vella dá o relevo a Prómine Singular

Este luns pola tarde fíxose entrega dos premios da **XXXV Cata dos Viños de Galicia** e XII Cata dos Licores Tradicionais de Galicia. O acto que tivo lugar no Pazo Quián en Sergude, co título “**Os Acios do Bo Facer**”, premiou como o Mellor Viño Tinto de Galicia, un ano máis, un viño da D.O. Ribeira Sacra.

Así o ansiado **Acio de Ouro como Mellor Viño Tinto de Galicia foi para Viña Vella da adega SAT Virxen dos Remedios**, Subzona de Ribeiras do Miño; dándolle a substitución nesta distinción a outro viño da D.O. Ribeira Sacra; Prómine Singular de Adegas Petrón S.L.

Dos seis premiados na categoría, **Elaboracións con Madeira**, tres son da D.O. Ribeira Sacra:

- **Acio de Ouro Tinto, 12 Adega Vella**, Adega Vella Xeracións S.L.
- **Acio de Ouro Branco, 1904 Adega Vella**, Adega Vella Xeracións S.L.
- **Acio de Prata Tinto, Sollío**, Juan Alberto Álvarez Rodríguez

A D.O. Ribeira Sacra faise con todos os premios na categoría, **Viños de Colleiteiro e de Pequenas Adegas**:

- **Acio de Ouro Tinto, Romeo Domain**, Isabel Fernández Prado
- **Acio de Ouro Branco, Sollío**, Juan Alberto Álvarez Rodríguez

A D.O. Ribeira Sacra faise con dous dos premios na categoría, **Viños de Colleitas anteriores**:

- **Acio de Ouro Tinto, O´ Promine Singular**, Bodegas Petrón
- **Acio de Prata Branco, Vía Romana**, Adegas e Viñedos Vía Romana

Recibe tamén premio como o mellor de Galicia na D.O. Ribeira Sacra:

- **Acio de Ouro Tinto, Matilda Nieves**, Rectoral de Amandi SAU



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 28 de xuño 2023

A D.O Ribeira Sacra presentaba a esta cata, que pretende visibilizar, exaltar e promocionar os viños elaborados fundamentalmente con uvas de variedades autóctonas e recoñecer o saber facer de adegueiros e viticultores, 66 mostras de 25 adegas, obtendo excelentes resultados, xa non só como Mellor Viño Tinto de Galicia, se non nas demais categorías que participaba.

Con este recoñecemento ao traballo ben feito, a D.O. Ribeira Sacra celebra os días 29 e 30 deste mes a **XXVII Cata dúas Viños da Ribeira Sacra** e a súa gala de entrega de premios. Todo co lema, **"Ribeira Sacra, Proxecto Común"**.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirasacra.org